

COMA PEDRA ROSETTA.

¿Quen ía dicirlle a Champollion que aquel negro basalto desvelaría tantos segredos? Seguindo uns postulados próximos ás tendencias neoabstractas, as obras de Almudena Fernández aparecen coma xeroglíficos nun ollar precipitado. As súas superficies, transmisoras dun movemento constante, parecen invitar a unha lectura que, de seguido, tornase imposible.

Afastada das reminiscencias de tinte Atlántica, Almudena retoma as posibilidades xestuais e as manchas do support-surface dos setenta, nuns lenzos sobre os que actúa dun xeito que se podería definir coma estratigráfico: baseándose en entramados lineais de distinta complexidade, en ríxidas estruturas xeométricas, acada, mediante a superposición de sinuosas formas caligráficas ou de figuras únicamente intuídas, unha abstracción que serve coma vía de escape á linguaxe tradicional.

É precisamente a linguaxe, a escritura coma forma de expresión un dos eixos arredor dos que xira o sentido da súa obra. A pintura é un claro vehículo expresivo, e a de Almudena é unha escritura que se pinta, sen embargo, coma nun poema inzado de metáforas, os seus xestos non sempre son aquilo que semellan ser, senón que deben ser entendidos en relación coa propia obra. Nembargantes, nesta aparente autorreferencialidade podemos atopar un equilibrio entre a influencia do vivido e a vontade de reflexión sobre os últimos comportamentos pictóricos, unha dialéctica entre xesto e razón, un xogo entre o lexible e o ilexible, o real e o aparente, entre o soño e a realidade. A súa indefinida e metamórfica linguaxe sígnica aparece coma unha fiestra aberta, coma un nexo de unión entre quen fala e quen escoita, entre o que escribe e o que le, entre a artista en quen observa. O xeroglífico desvelao, a artista elixe a súa propia linguaxe, busquemos a nosa, coma a pedra Rosetta.

Rosana A. Agrelo

(Texto publicado en “INTERESARTE” nº 10 con motivo de la exposición en Caja Madrid, Pontevedra.)